

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DAS AXUDAS JUAN DE LA CIERVA- (convocatoria Ministerio de Ciencia e Innovación de 2022).

Santiago de Compostela [data dixital]

COMPARECEN:

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Ricardo Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 1117, do 20 de xuño), en representación desta e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a UDC, a USC e a UVigo forman parte do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG) e son entidades que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e

tecnolóxico, o que as configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo co Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. (DOG núm. 101, de 27 de maio).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

Esta función atribuída concrétase na atención á estrutura de investigación das universidades galegas e, particularmente, á consideración das tarefas de investigación que desenvolve o persoal do SUG.

TERCEIRO.- Que a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario establece, no seu artigo 11 a investigación, ao igual que a docencia, é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Por elo, o persoal docente e investigador poderá desenvolverlas con intensidades distintas ao longo da súa traxectoria académica, sen prexuízo das normas establecidas por cada universidade.

Nos últimos anos, boa parte das universidades españolas están implementando medidas que tenden a recoñecer a actividade investigadora dentro da dedicación ordinaria do persoal docente e investigador.

CUARTO.- Que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Consellería promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito supoña unha carga orzamentaria para a

universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i, e que así se recolle no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2022-2026.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan Galego de investigación e innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4 busca desenvolver o talento en igualdade, apostando polas persoas como activo principal para abordar as prioridades da especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico captar, formar e reter talento (obxectivo estratéxico 4), integrándose polo tanto no programa Persoas e Talento.

QUINTO.- Que a Administración Xeral do Estado conta con programas cunha acreditada traxectoria como instrumentos de promoción da ciencia e a investigación e que son altamente competitivos para (entre outros obxectivos de formación e mobilidade xeográfica) incentivar a contratación de doutoras e doutores e tecnólogas e tecnólogos en organismos de investigación.

No marco da liña instrumental de actuación en recursos humanos do *Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica y de Innovación 2021-2023* (en diante PEICTI) aprobado por *Acuerdo del Consejo de Ministros* na sesión celebrada o 15 de xuño de 2021, artículase en catro programas estatais, un dos cales é o *Programa Estatal para Desarrollar, Atraer y Retener*

Talento. Este programa está integrado por tres Subprogramas Estatais: Formación, Incorporación e Mobilidade. As axudas Juan de la Cierva enmárcanse no subprograma Estatal de Formación.

Pola Orden CIN/1478/2021, de 27 de decembro, del Ministerio de Ciencia e Innovación, apróbanse as bases reguladoras da concesión da axudas Ramón y Cajal e das axudas Juan de la Cierva- (Orde publicada no BOE do 29 de novembro de 2021) e por Resolución do 19 de decembro de 2022 apróbase á convocatoria das axudas Juan de la Cierva correspondente ao ano 2022.

O Subprograma Estatal de Formación está destinado ao descubrimento vocacional e a formación de novas xeracións de persoal científico, tecnólogo e innovador que desenrolan a súa actividade en entornos académicos e empresariais e de competencias docentes universitarias no caso da formación de persoal universitario. As actuacións previstas diríxense a tres fases na formación e carreira profesional, desde o fomento e a valoración das capacidades e inquietudes investigadoras nas etapas temperás ata diferentes modalidades de contratación predoutoral e posdoutoral.

SEXTO.- No ámbito do Subprograma Estatal de Formación convócanse as axudas para contratos Juan de la Cierva (en diante JC).

A finalidade das axudas JC é fomentar a incorporación de mozas e mozos, en posesión do grao de doutor, co obxecto de que completen a súa formación posdoutoral en centros de I+D españois.

Nas disposicións específicas das axudas JC, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de dous anos (desde a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).
- O importe da axuda anual para cada un dos contratos será de 30.000 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.
- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 25.350 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

- Unha axuda adicional de 4.800 euros para cubrir os gastos da persoa contratada directamente relacionados coa execución das súas actividades de investigación, unha vez incorporada ao seu posto de traballo no Centro de I+D.

SÉTIMO.- Pola Resolución do 28 de novembro de 2023 da Presidencia da Agencia Estatal de Investigación, concédense as axudas JC para a contratación laboral do persoal seleccionado, entre outras, á UDC, á USC e á UVigo. A dita resolución está publicada na sede electrónica do Ministerio de Ciencia e Innovación (<https://www.aei.gob.es/>).

Polo anteriormente exposto, a Consellería, a UDC, a USC e a UVigo coinciden na necesidade de incentivar a actividade investigadora e, consecuentemente, acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a UDC, a USC e a UVigo, para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas.

A UDC, a USC e a UVigo forman parte do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG) e son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia. A captación, formación e retención de talento é unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira formativa e profesional que fomenta a excelencia científica no sistema galego de I+D+i o que repercute positivamente no interese público, social, económico e humanitario da sociedade.

En concreto, trátase de que a Consellería colabore cunha achega económica por cada ano de contrato de 5.000 euros no caso das axudas JC que a UDC, a USC e a UVigo deberán destinar para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco desta axudas, concedidas polas Resolucións do 28 de novembro de 2023 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación (convocatoria correspondente ao ano 2022), no marco do Plan estatal.

SEGUNDA.- Compromiso das partes.

De conformidade coa lexislación vixente as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar cunha achega anual de 5.000 € no caso das axudas JC que deberá destinarse ao cofinanciamento dos gastos asociados á contratación do persoal investigador seleccionado desde a sinatura do contrato, por un importe total de cento corenta mil euros (140.000,00 €) coa distribución que de seguido se indica:

Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026	Total
56.250,04 €	70.000,00 €	13.749,96 €	140.000,00 €

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal investigador que desenvolva as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A UDC, a USC e a UVigo, como beneficiarias das subvencións concedidas pola Axencia Estatal de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación, contratarán laboralmente a tempo completo as catorce (14) persoas seleccionadas, de acordo coa táboa resumo que se incorpora de seguido, en cumprimento das condicións da concesión das axudas JC (incorporación do persoal investigador, execución da axuda, modificación das condicións, xustificación, ...).

PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA (Convocatoria Ministerio 2022)									
UNIV.	Referencia	Apellidos e nome	Data inicio	Data fn	Máximo ano convenio	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026	Total
UDC	JDC2022-048667-I	Orlando García Feal	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
UDC	JDC2022-048799-I	E. Ruth Varela Rodríguez	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
					TOTAL UDC	8.333,34 €	10.000,00 €	1.666,66 €	20.000,00 €
USC	JDC2022-048389-I	Alejandro Moure Abelenda	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-048447-I	Mónica Rial Molanes	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-048626-I	Andrea Velandia Morales	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-049032-I	Sabela Da Silva Alvarez	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-049089-I	Asier Selas Lanseros	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-049537-I	Raquel Lama López	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-049927-I	Arnau Brossa Gonzalo	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
USC	JDC2022-050014-I	José Ramón Rabuñal Gayo	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
					TOTAL USC	33.333,36 €	40.000,00 €	6.666,64 €	80.000,00 €
UVIGO	JDC2022-050025-I	Helena López Gómez	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
UVIGO	JDC2022-048342-I	Nerea Piñeiro Juncal	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
UVIGO	JDC2022-048873-I	Valeria Zoni	01/01/2024	31/12/2025	5.000,00 €	4.166,67 €	5.000,00 €	833,33 €	10.000,00 €
UVIGO	JDC2022-050263-I	Fan Zhan	01/06/2024	31/05/2026	5.000,00 €	2.083,33 €	5.000,00 €	2.916,67 €	10.000,00 €
					TOTAL UVIGO	14.583,34 €	20.000,00 €	5.416,66 €	40.000,00 €
					TOTAL CONVENIO	56.250,04 €	70.000,00 €	13.749,96 €	140.000,00 €

En concreto, as universidades contratarán o persoal seleccionado a tempo completo de acordo coa lexislación vixente, incorporarán as persoas investigadoras aos centros de investigación en prazo e porán ao seu dispor as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

As universidades asumen o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

As universidades deberán facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

TERCEIRA.- Financiamento.

A Consellería achegará a cantidade total de **cento corenta mil (140.000,00)** euros con cargo á aplicación orzamentaria 37.02.561B.444.0 (código de proxecto 2016-00129), dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2024, 2025 e 2026 no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

Esta cantidade de **140.000,00 €** é un importe certo e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da UDC, a USC e da UVigo de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

De conformidade ao disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

CUARTA.- Pagamento e xustificación.

A Consellería efectuará o libramento dos fondos coa distribución que de seguido se indica:

Univ.	Crédito en euros			
	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026	TOTAL
UDC	8.333,34 €	10.000,00 €	1.666,66 €	20.000,00 €
USC	33.333,36 €	40.000,00 €	6.666,64 €	80.000,00 €
UVigo	14.583,34 €	20.000,00 €	5.416,66 €	40.000,00 €
TOTAL	56.250,04 €	70.000,00 €	13.749,96 €	140.000,00 €

En cada anualidade os correspondentes importes faranse efectivos contra a presentación por cada universidade dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente de cada universidade na que se dá toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin (singularmente, acreditación da contratación e permanencia nos postos de traballo obxecto da axuda JC).

Con data límite do 10 de decembro de cada anualidade presentarase a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio, con indicación expresa da achega efectiva do ministerio para o período xustificado. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e á Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto da anualidade seguinte.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) e a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e de non ter débedas coas administracións.

QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde a contratación efectiva do persoal seleccionado no marco das axudas JC que se recollen neste convenio, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

SEXTA.- Publicidade e transparencia.

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC, a USC e a

UVigo consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos nos rexistros regulados neste decreto os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

A reserva que puideran facer a UDC, a USC e a UVigo no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28-10-2022), non se aplicará o disposto no artigo 107-1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas nesta orde, que se outorgarán a organismos de investigación para actividades non económicas.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de datos nacional de subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, que se reunirá por pedimento dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, tres persoas membros da Secretaría Xeral de Universidades, ou persoas en quen deleguen, e unha delas será a presidenta da Comisión.
- Pola UDC, a persoa titular da Reitoría da Universidade da Coruña, ou persoa en quen delegue.
- Pola USC, a persoa titular da Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- Pola UVigo, a persoa titular da Reitoría da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario ou secretaria da comisión a persoa titular do Servizo de Xestión Científico-Tecnolóxica, e o seu réxime xurídico axustarase ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas, serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Resolución.

Será causa de resolución do presente convenio de colaboración o incumprimento de calquera das cláusulas deste.

Este convenio tamén poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación.

En calquera destes casos procederase ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á exixencia de xuros de mora nos casos previstos nos artigos 32, 33 e 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza xurídica.

De acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, neste convenio concorren razóns que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que está incluído no convenio todo o persoal investigador contratado polas universidades do SUG que

foi seleccionado na convocatoria pública das axudas JC 2022 para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva.

A actuación "Juan de la Cierva" é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+i, que pode ser utilizado para a execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten en base aos seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe de existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas tres universidades para esta finalidade.

Este convenio de colaboración realízase ao abeiro do establecido no artigo 47.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Ricardo Cao Abad

Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo (UVigo)